

# Guía das árbores do colexio de CARIÑO

Curso 2010 - 2011

CEIP "Manuel Fraga Iribarne"  
Cariño - A Coruña.  
Maio 2011

## Limiar

Este pequeno manual que tedes agora nas vosas mans, informa sobre as árbores e arbustos que forman parte do Colexio Público de Cariño, que foron plantadas nos primeiros tempos da súa creación, a raíz de comezar a celebración do DIA DA ÁRBORE.


Pretende ser unha pequena guía didáctica que sirva, tanto a profesores como alumnos, para desenvolver unha clase práctica no exterior, na que se dean a coñecer os nomes e características das árbores do noso recinto e contorna próxima.

É un instrumento de identificación das mesmas, así como do lugar e situación onde se atopa cada unha delas.

Está pensada para que sexa de interese e utilidade. Espero que cumpra con eses fins.

O autor:


Ramiro Fernández Feal




## Formas da copa




*Piramidal*



*Ovada*




*Cónica*



*Redondeada*



*Lobulada*




*Aparasolada*

## Tipos de follas



Folla simple



Folla composta



Imparipinnadas



Paripinnadas



Alternas



Opostas

## Formas das follas



Triangular



Lobulada



Asimétrica



Lineal



Redondeada



Palmeada



Acorazonada



Acicular



Elíptica



Lanceolada

## Árbores 1 e 2. PRADAIROS

Nomes :

**Galegos:** Pradairo, pradio

**Castelán:** Arce

**Científico:** *Acer pseudoplatanus*

**Data plantación:** 1987



DESCRICIÓN:

Árbore de folla caduca, con copa grande e espesa. O tronco é alto, recto e a cortiza lisa. As follas son anchas e lobuladas. Flores pequenas en acio de cor amarela verdosa. A madeira é dura. O froito atópase en ás abertas e horizontalmente

Esténdese por case toda Europa, sobre todo nas zonas dos vales e de baixa montaña. Moi frecuente en prazas e parques.



## Árbores 3 e 12. ULMEIRO

Nomes:

**Galego:** Ulmeiro

**Castelán:** Olmo

**Científico:** Ulmus minor

**Data plantación:** 1987



**DESCRICIÓN:**

Árbore de folla caduca e copa bastante densa.

O tronco é dereito e a cortiza é de cor gris-escura ou pardo grisácea.

As follas son acorazonadas, asimétricas e dentadas, de cor escura. Están dispostas en dúas filas e son ásperas ao tacto. As flores son de púrpura e florecen antes que as follas.

Os froitos son sámaras, primeiro verdes e despois pardo amarelas.

É unha árbore que se utiliza como ornamental en xardíns e ás veces nos parques e rúas.





## Árbore 4,8,11 e 13: CATALPA

Nomes :

**Galego:** Catalpa

**Castelán:** Catalpa

**Científico:** Catalpa bignonioides

**Data plantación:** 1987



### DESCRICIÓN:

Árbore de folla caduca con cúpula baixa e aberta. Procede dun tronco curto e robusto. A cortiza é de cor parda grisácea, lisa e descamable en finas láminas.

As follas son grandes, triangulares, acorazonadas e de cor verde clara ou en ocasións de cor púrpura nas árbores novas.

As flores son tubulares cos lóbulos estendidos de cor branca e moteada de amarelo e púrpura.

O froito preséntase en vaina delgada de 15 a 40 cm de longo e 6-8 mm de ancho, persistentes todo o inverno sobre a árbore, de cor parda escura.

É orixinaria do SE dos Estados Unidos e é moi ornamental en praias e xardíns.



## Árbore 5. ADELFA


Nomes:

**Castelán:** Adelfa

**Galegos:** Adelfa

**Científico:** Nerium oleander

**Data plantación:** 1987



DESCRICIÓN:

Arbusto perenne semellante ao loureiro de flores vermellas, brancas, rosadas ou amarelas, perfumadas. As follas son en forma de lanza, coriáceas, co envés máis claro.

Arbusto ornamental, velenoso, propio das rexións mediterráneas.

O froito é dobre, en folículo ovalado e alongado.



## Árbore 6. SALGUEIRO CHORÓN

Nomes:

**Galego:** Salgueiro chorón

**Castelán:** Sauce llorón

**Científico:** *Salix babylonica*

**ANO DE PLANTACIÓN:** 1987



DESCRICIÓN:

Árbore de folla caduca, con ramas e ramiñas longas, pendulares colgando case ata o chan.

A cortiza, de cor gris amarelado con anchos resaltes. As follas son estreitamente lanceoladas e finamente dentadas, de cor verde amarelado.

É orixinario da China e Asia Oriental. Úsase como decorativo en xardíns, prazas e parques xunto a estanques e lagos.



## Árbore 7. MAGNOLIO

Nomes:

**Galego:** Magnolio

**Castelán:** Magnolio

**Científico:** Magnolia grandiflora

**Data plantación:** 1987



DESCRICIÓN:

Árbore de folla perenne de copa cónica e ancha. A cortiza é gris-negruzco e ademais lisa. A folla é dura, grosa, verde vivo lustroso pola parte superior e polo envés cunha espesa pubescencia da cor do ferruxe.

As flores son bastante espaciadas ó longo da estación que comprende os meses de xullo a novembro. Tamén son grandes. fragrantas e de cor branca.

O froito é ovoide-cllídrico, de cor parda alaranxada con cicatrices dos estames.

Procede do SE. dos EE. UU. e está mol difundida por Europa Meridional.

Cultívase como adorno en parques e xardíns.



## Árbore 9. FREIXO

Nomes:

**Galego:** Freixo

**Castelán:** Fresno

**Científico:** *Fraxinus excelsior*

**Data plantación:** 1987



DESCRICIÓN:

Árbore de folla caduca con copa hemisférica ou aplanada e raramente bastante ergueita. As pólas son sinuosas e abundantes.

A cortiza é de cor escura e moi lisa; nos parques das cidades é moi negra.

As follas son de cor verde aceituna moteado de branco, de 25-30 cm., pinada oposta e dentada na metade externa.

As flores son de cor branco cremoso, fragrantas a finais de maio e tubo-cónicas. Os pétalos son moi estreitos.

O froito sobre pedúnculo como de alame verdes ata a caída da folla, despois pardo.

A súa madeira caracterízase pola dureza e elasticidade.

É unha árbore oriúnda das Illas Británicas, amplamente distribuída por Europa. En España atópase nas zonas montañosas e húmidas do norte



## Árbore 10. PITÓSPORO

Nomes :

**Galego:** Pitósporo

**Castelán:** Pitósporo

**Científico:** Pittosporum tobira

**Data plantación:** 1987.



DESCRICIÓN:

Arbusto de folla perenne con copa ovoide, dereita, finamente ramificada e de pouca altura.

A cortiza é gris mate e lisa.

As follas son coriáceas, lustrosas, con ovalada ou lanceolada de cor verde escura superior e mais claro no envés.

As flores son de cor branco-crema con arrecendo semellante ó azahar.

É un arbusto orixinario da China e do Xapón e úsase moito como elemento decorativo tanto polas flores como polas follas.



## Árbore 14. PARAÍSO

Nomes :

**Galego:** Árbore do paraíso

**Castelán:** Árbol del paraíso

**Científico:** Melia azedarach

**Data plantación:** 1987.

DESCRICIÓN:

Árbore de tronco recto, folla caduca, composta, con folíolos ovais rematados en punta alongada, de cor verde escura polo haz e máis clara polo envés. Copa redondeada.

As flores son de cinco pétalos e cor púrpura ou lila, moi aromáticas, que se transforman co tempo nun froito (drupa) que resulta tóxico para persoas e animais.

É orixinario do surleste de Asia e hoxe plántase en parques e xardíns como elemento ornamental e de sombra.



## Árbore 15. ÁRBORE DO AMOR

Nomes:

**Galego:** Árbore do amor

**Castelán:** Árbol del amor

**Científico:** Cercis  
siliquastrum

**Ano de plantación:** 1987



DESCRICIÓN :

Árbore caducifolio de tronco retorto e copa redonda ou irregular con frecuencia que se bota sobre un lado.

As ramas diríxense cara arriba e son de cor verde vivo. A cortiza é de cor escura.

As follas son grandes e teñen forma de corazón, de aí o seu nome.

As flores son pequenas e de cor rosa forte que saen na primavera ao mesmo tempo que as follas.

O froito é escuro e ten forma de legume chamados silicuas de tons amarelas





## Árbore 16. LAMIGUEIRO

Nomes:

**Galego:** Lamiguerio

**Castelán:** Álamo negro.

**Científico:** Populus nigra

**Ano de plantación:** 1987



### DESCRICIÓN:

Árbore de folla caduca de copa en forma de cúpula

e as ramas xoves son longas e penduradas.

As follas son xeralmente ovadas con borde aserrado, pequenas de 6-8 cm..de cor verde lustroso polo dereito e manchas brancas polo envés.

A cortiza é de cor gris pardo con fisuras longas

e verticais cando é vello.

As flores son de cor vermello con estigmas brancos.

O froito en membrana elíptica

É unha árbore nativa de Europa e prefire os solos húmidos. Atópase con frecuencia á beira das estradas e nos parques urbanos.



## Árbore 17. PIÑEIRO


Nomes:

**Galego:** Piñeiro

**Castelán:** Pino

**Científico:** Pinus pinea

**Data plantación:** descoñecida.



**DESCRICIÓN:**

Árbore de folla perenne con copa grande irregular espesa e coa cima redondeada. A cortiza é rugosa profundamente fisurada de cor parda escura e nas árbores vellas de cor gris mate.

As follas repártense en tríos. son delgadas e de cor verde brillante.

Os froitos son uns conos grandes e a miúdo agrupados moi asimétricos e que non se desprenden da rama.

Procede da península de Monterrei (California) e con frecuencia plantado ó Oeste de Europa á beira do mar como árbore de protección por ser moi resistente ó vento

Unha enfermidade frecuente nesta árbore é a chamada "PROCESIONARIA DO PIÑEIRO"



## Árbore 18. RODODENDRO

Nomes :

**Galego:** Árbore Árbore

**Castelán:** Rododendro

**Científico:** Rhododendron yakushimanum

**Data plantación:** 1987

### DESCRICIÓN

Arbusto de falla perenne.

As follas son coriáceas do aspecto das do loureiro. Son escuras verde lustrosas e máis peludas polo envés. As flores de cor malva a rosa lila.

É un arbusto nativo dos extremos do Sudoeste e surleste de Europa e úsase como planta ornamental.



## Árbore 19. ACIVRO

Nomes :

**Galegos:** Acibo, acivro

**Castelán:** Acebo

**Científico:** *Ilex aquifolium*

**Data plantación:** 1987



### DESCRICIÓN:

Arbusto ou árbore de folla perenne, con copa estreita e bastante cónica. A cortiza é lisa, gris prateada e verrugosa coa idade.

As follas miden de 5 a 12 cm. de longo. Son elípticas, de marxe ondulada, provistas de dentes de punta espiñosa e de cor verde escura lustrosa.

Flores pequenas brancas e froito vermello e redondo. As ramas con froitos son un adorno típico do Nadal. Nace espontánea nos bosques das rexións temperadas e chuviosas.



## Árbore 20. CAMELIA


Nomes:

**Galego:** Camelia

**Castelán:** Camelia

**Científico:** Camellia japonica

**Data plantación:** 1987



DESCRICIÓN:

Árbore rosácea de folla perenne, con copa aberta. A cortiza é de cor pardo alaranxada.

As follas son de cor verde escura, e de tipo ovadas.

As flores son grandes, inodoras, moi fermosas e de cores variadas, Teñen o mesmo nome da árbore.

É unha árbore orixinaria de Xapón, moi cultivada en Galicia e propia de xardíns e parques.



## Árbore 21. BIDUEIRO

Nomes:

**Galegos:** Bidueiro, bido

**Castelán:** Abedul

**Científico:** Betula pendula

**Data plantación:** 1987



**DESCRICIÓN:**

Árbore caducifolia moi abundante nas nosas fragas, que chega ata o nivel do mar. A folla é ovada con bordo serrado. É máis verde por unha cara que pola outra.

O tronco é recto, non moi grosa e ten unha característica casca branqueciña acompañada de tons grises.

Pode alcanzar bastante altura. A súa copa ten forma ovada e dá pouca sombra. A Madeira empregábase para facer zocas e apeiros de labranza.



## Arbore 22. TUIA

Nomes :

**Galego:** Tuia

**Castelán:** Tuya

**Científico:** thuja orientalis

**Ano de plantación:** 1989



DESCRICIÓN :

Arbore de folla perenne, de copa fina, aberta, cónica, coa cima redondeada.

As ramas diríxense cara arriba e son de cor verde vivo.

A cortiza é de cor pardo alaranxado, descortizándose en tiras verticais.

As follas caen esmagadas de cor verde amarelado e son escamosas.

As flores son pequenas e pouco aparentes.

O froito é pouco aparente e en forma de cono. Esta árbore é orixinaria de América do Norte e emprégase para facer sebes e como ornamental.



## Árbore 23. AMENEIROS

Nomes:

**Galegos:** Ameneiro, amieiro

**Castelán:** Aliso

**Científico:** *Alnus glutinosa*

**Ano de plantación:** descoñecida



DESCRICIÓN :

Árbore moi frecuente á beira dos ríos, de tronco dereito e curto. A copa é abovedada.

A folla é redonda, lixeiramente aserrada nos bordos, moi lustrosa e coas nervacións moi destacadas.

A cortiza é de cor grisácea e co tempo pode presentar regañas.

A floración prodúcese na primavera e os froitos aparecen no outono en forma de pinas pequenas pardo escuras e leñosas.

Árbore caducifolia autóctona que se da fundamentalmente en lugares húmidos. A súa madeira resiste moito tempo a humidade; por iso usábase para e por iso esta árbore é orixinaria de América do Norte e emprégase para facer sebes e como ornamental.





## Árbore 24. BUXO

Nomes :

**Galego:** Buxo

**Castelán:** Boj, boje

**Científico:** *Buxus sempervirens*

**Ano de plantación:** descoñecida



DESCRICIÓN :

Arbusto de crecemento lento e follas perennes, pequenas, opostas e coriáceas de cor verde escura e lustrosa.


A madeira é dura, homoxénea e densa, ata o punto de que non flota na auga.

Utilízase moito para sebes porque fai peches tupidos e uniformes.


Déixase podar con facilidade e non require especiais coidados polo que é frecuente velo nos parques ou en xardíns particulares formando curiosas figuras.



## Follas



## Froitos



- 1.-Carballo 2.-Cerquiño 3.-Serba 4.-Nogueira 5.-Piñeiro 6.-Castiñeiro 7.-Freixo  
 8.-Pradio 9.-Ameneiro 10.-Avelaira 11.-Espíño 12.-acivro 13.-Bidueiro 14.-Chopo  
 15.-Salgueiro 16.-Loureiro 17.-Olmo 18.-Castiñeiro 19.-Falsa acacia  
 20.-Ciprés 21.-Cedro.

FREIXO



PIÑEIRO



AMENEIRO



SOBREIRA



ÉRBEDO



ACIVRO



SALGUEIRO



CARBALLO



BIEITEIRO



CASTIÑEIRO



EUCALIPTO



ABELEIRA





**ANO INTERNACIONAL  
DOS BOSQUES • 2011**



**INTERNATIONAL YEAR  
OF FORESTS • 2011**



السنة الدولية  
للغابات ٢٠١١



**2011 • 国际森林年**



**ANNÉE INTERNATIONALE  
DES FORÊTS • 2011**



**МЕЖДУНАРОДНЫЙ  
ГОД ЛЕСОВ • 2011**



**AÑO INTERNACIONAL  
DE LOS BOSQUES • 2011**